

ALEGACIONES Á NECESIDADE DE CAMBIAR A LEI DE AVALIACIÓN AMBIENTAL

(Portal de transparencia: período de consulta pública da Lei de protección e avaliación ambiental de plans, programas e proxectos. **Enlace ao formulario de participación**)

<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/consulta-publica-previa/consultas-abertas/-/cpp/0095/lei-avaliacion-ambiental-galicia>

1. O goberno fala de “axilizar” e “simplificar” a norma para “evitar retrasos inxustificados” na implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Pero unha tramitación con prazos reducidos impide e dificulta a adecuada participación cidadá e defensa do medio ambiente.

(a xente non se enteraría de que un proxecto con moito impacto nas súas vidas como unha mina ou un vertedoiro se vai instalar preto da súa vivenda ata que xa está implantado)

2. O goberno fala de que a actual norma que se está aplicando “*contradise cos principios asentados pola lexislación aprobada en Galicia nos últimos anos para favorecer o emprendemento e axilizar a implantación de actividades industriais como [...] a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia*”

Consideramos que esa lei 5/2017 (coñecida como “de depredación”) vai en contra do interés xeral galego, polo que non ten sentido darlle continuidade nunha lei de avaliación ambiental, sería redundar en favorecer os intereses económicos das grandes empresas fronte aos dos cidadáns

3. O goberno busca “*simplificar e axilizar a tramitación das avaliacións ambientais e achegar seguridade xurídica, tanto a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia como aos operadores económicos privados*”

Onde queda a seguridade xurídica do cidadán de a pé?

O beneficio de “axilizar” e “simplificar” irá a parar aos grandes operadores económicos en detrimento da cidadanía, xa que esta lei afecta a tódolos proxectos cun grande impacto na poboación como minas, vertedoiros, parques eólicos...

4. O goberno indica “*tamén se simplifican as avaliacións ambientais que se esixen pola existencia dunha posible afección á Rede Natura. [...] regularíase que sexa un informe da Dirección Xeral competente o que sinale se hai ou non esa posible afección. De concluir a inexistencia de afección, non sería necesario tramitar un procedemento de avaliación ambiental*”

Nin siquiera as zonas protexidas con Rede Natura se salvan da “axilización” na tramitación. Cremos que para concluir se hai ou non afección á Rede Natura débese facer o estudo, non que unha Dirección Xeral conclúa a priori que non a hai.

5. Este cambio lexislativo favorecerá que saian adiante proxectos e iniciativas que redundan nun rural despoboado e envellecido, convertindo o rural galego nun gran parque industrial, un territorio de sacrificio.